



**Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

**Modelo MD85PR001**

## **Programación**

**Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**Materia/disciplina: VIOLA**

**Curso: 2024 - 2025**



## Índice

---

1	Introdución.....	4
2	Metodoloxía.....	5
3	Atención á diversidade.....	6
4	Temas transversais.....	6
	4.1 Educación en valores.....	7
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)....	7
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	8
6	Secuenciación do curso.....	9
	6.1 Curso: 1º GRAO ELEMENTAL.....	9
	6.1.1 Obxectivos.....	9
	6.1.2 Contidos.....	9
	6.1.3 Avaliación.....	10
	6.1.4 Medidas de recuperación.....	13
	6.1.5 Recursos didácticos.....	14
	6.2 Curso: 2º GRAO ELEMENTAL.....	16
	6.2.1 Obxectivos.....	16
	6.2.2 Contidos.....	16
	6.2.3 Avaliación.....	17
	6.2.4 Medidas de recuperación.....	21
	6.2.5 Recursos didácticos.....	22
	6.3 Curso: 3º GRAO ELEMENTAL.....	23
	6.3.1 Obxectivos.....	23
	6.3.2 Contidos.....	23
	6.3.3 Avaliación.....	24
	6.3.4 Medidas de recuperación.....	27
	6.3.5 Recursos didácticos.....	28
	6.4 Curso: 4º GRAO ELEMENTAL.....	30
	6.4.1 Obxectivos.....	30
	6.4.2 Contidos.....	30
	6.4.3 Avaliación.....	31
	6.4.4 Medidas de recuperación.....	34
	6.4.5 Recursos didácticos.....	35
	6.5 Curso: 1º GRAO PROFESIONAL.....	36
	6.5.1 Obxectivos.....	36
	6.5.2 Contidos.....	37
	6.5.3 Avaliación.....	38
	6.5.4 Medidas de recuperación.....	41
	6.5.5 Recursos didácticos.....	42
	6.6 Curso: 2º GRAO PROFESIONAL.....	44
	6.6.1 Obxectivos.....	44
	6.6.2 Contidos.....	44



6.6.3	Avaliación.....	45
6.6.4	Medidas de recuperación.....	48
6.6.5	Recursos didácticos.....	50
6.7	Curso: 3º GRAO PROFESIONAL.....	51
6.7.1	Obxectivos.....	51
6.7.2	Contidos.....	51
6.7.3	Avaliación.....	52
6.7.4	Medidas de recuperación.....	56
6.7.5	Recursos didácticos.....	57
6.8	Curso: 4º GRAO PROFESIONAL.....	59
6.8.1	Obxectivos.....	59
6.8.2	Contidos.....	59
6.8.3	Avaliación.....	60
6.8.4	Medidas de recuperación.....	64
6.8.5	Recursos didácticos.....	65
6.9	Curso: 5º GRAO PROFESIONAL.....	67
6.9.1	Obxectivos.....	67
6.9.2	Contidos.....	67
6.9.3	Avaliación.....	69
6.9.4	Medidas de recuperación.....	72
6.9.5	Recursos didácticos.....	73
6.10	Curso: 6º GRAO PROFESIONAL.....	75
6.10.1	Obxectivos.....	75
6.10.2	Contidos.....	75
6.10.3	Avaliación.....	77
6.10.4	Medidas de recuperación.....	80
6.10.5	Recursos didácticos.....	82
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica. .	83
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento. . .	83
9	ANEXOS.....	84
9.1	Probas de acceso 1º de grao profesional.....	84
9.2	Probas de acceso a outros cursos.....	85
9.2.1	Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º de grao elemental.....	85
9.2.2	Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional.....	86
9.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	87
9.4	Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais).....	88
9.5	Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible, para a avaliación extraordinaria e para a ampliación de matrícula).....	89
9.6	Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Profesional.....	90
9.7	Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Elemental.....	91

## 1 Introducción

---

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así coma os específicos da materia de viola, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para elo indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación [edu.xunta.gal](http://edu.xunta.gal). Enlace: [Normativa das ensinanzas de música](#)

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo adicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

## 2 Metodoloxía

---

Con carácter xeral primárase os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

- Principios metodolóxicos xerais:

**Actividade e participación:** daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), o dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

**Motivación e autoestima:** no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

**Aprendizaxe significativo:** de acordo coa concepción constructivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), ténndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

**Principios de globalización:** o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

**Personalización e atención á diversidade:** para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo - clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

**Interacción:** fomentárase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado - alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado - profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción tutorial).

- Principios metodolóxicos específicos da materia:



Aprendizaxe como modelo de construción social: nel deben intervir non so o alumnado e profesorado, senón tamén as súas familias, polo que se favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe.

Papel activo e participación: o alumnado debe ter un papel activo na súa aprendizaxe, guiado polo profesor, sen deixar de lado o esforzo individual . Fomentarase a súa implicación na resolución de problemas. A práctica individual do instrumento debe estar equilibrada mediante o uso de estratexias de ensino grupal e traballo colaborativo, que fomenten a creatividade e motivación do alumno. A tal fin, o alumnado de corda ten a opción de recibir clases colectivas de instrumento durante os primeiros cursos de grao elemental.

Motivación e autoestima: Reforzar positivamente as actitudes e execucións correctas, e explicando construtivamente as prácticas erróneas. O docente debe ser un facilitador do proceso de motivación do alumno, sen esquecer que o fomento da curiosidade, a determinación e a perseveranza acrecentan a autoestima e motivación do alumnado.

Aprendizaxe significativo: partir dos coñecementos previos da materia para trazar estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos ou reforzar as debilidades.

Personalización e atención á diversidade: adaptación a actuación docente aos distintos ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado, tendo en conta dificultades puntuais ou persoais de cada un, fomentando actividades de reforzo e atención especial aos alumnos con maiores dificultades.

### 3 Atención á diversidade

---

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web. Enlace: [conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos](http://conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos)

### 4 Temas transversais

---

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa trascendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o desprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os



valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

#### 4.1 Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto cara os compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara a cultura en xeral.

#### 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.



- Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumnado ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

## 5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

O profesorado de corda programa cada curso unha serie de actividades como: audicións técnicas, audicións de repertorio, grupais, recitais en espazos fora do centro (por ex. o recital Musica nas cordas no Paraninfo da USC), cursiños de instrumento, de técnica Alexander ou de ergonomía, conferencias, talleres de luthería, etc...



## 6 Secuenciación do curso

---

Esta materia impártese en todos os cursos do Grao Elemental (de 1º a 4º) e do Grao Profesional (1º ata 6º).

### 6.1 Curso: 1º GRAO ELEMENTAL

#### 6.1.1 Obxectivos

- 1. Asimilar os principios elementais da colocación da viola e da toma do arco.
- 2. Conseguir unha posición cómoda e correcta do instrumento e un equilibrio corporal nos movementos máis básicos.
- 3. Saber distinguir as divisións básicas do arco e distribuílo de forma correcta. Coñecer o detaché, o martelé e staccato.
- 4. Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover a man ao longo do diapasón con liberdade como exercicio preparatorio para os futuros cambios de posición
- 5. Facer pizzicatos coas dúas mans.
- 6. Coñecer as escalas de Do M, Re M e Sol M nunha oitava e Do M en dúas oitavas e os seus arpejos, e tocalas perfectamente afinadas.
- 7. Tocar pezas sinxelas (en pizzicato e despois con arco) obtendo un son homoxéneo e controlado.
- 8. Memorizar fragmentos e pezas simples.
- 9. Coñecer as unidades elementais da viola e do arco e a súa morfoloxía.
- 10. Coñecer os principios básicos do estudio e aplicarlos á práctica diaria.
- 11. Iniciar a lectura na clave de Do en 3ª liña.

#### 6.1.2 Contidos

- 1. Posición da viola. Toma do arco. Fundamentos do equilibrio.
- 2. Fundamentos do equilibrio corporal.
- 3. Divisións elementais do arco: unidades, terzos, arco enteiro. Notas ligadas. Detaché, martelé e staccato.
- 4. Colocación da man esquerda. Fundamentos.
- 5. Pizzicatos coas dúas mans.
- 6. Escalas e arpejos: Do M, Sol M e Re M nunha oitava, e Do M en dúas oitavas.
- 7. Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos.
- 8. Memorización de fragmentos e pezas simples



- 9. A viola: Coñecemento xeral do instrumento e do arco: as súas partes, características acústicas e mantemento.
- 10. Principios básicos do aproveitamento do estudio.
- 11. Iniciación á lectura na clave de Do en 3ª liña.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre: Colocación da viola e toma do arco. Introducción á colocación da man esquerda e preparación para as escalas e arpexos nunha oitava: Re M, Sol M, en pizzicato. A viola e as súas partes, o seu coidado. Cómo estudar: principios básicos do aproveitamento do estudio.

- 2º trimestre: Divisións elementais do arco: metades, terzos, arco enteiro. Escalas e arpexos nunha oitava, Re M, Sol M e Do M. Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, preferiblemente de memoria.

- 3º Trimestre: Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Fundamentos da condución do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martelé e staccato. Escalas e arpexos cos golpes de arco básicos. Escala de Do maior en 2 oitavas. Preparación de exercicios para estudar no verán con unha planificación clara para que o alumno adquira bos hábitos de estudio.

### 6.1.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

#### Criterios de avaliación

- 1. Ter unha postura correcta do corpo, da viola, e do arco. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 2. Manter unha posición equilibrada do corpo fronte ao instrumento, libre de tensións, que favoreza os movementos de coordinación entre ambos brazos e lle permita tocar con comodidade, seguridade e relaxación. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 3. Distribuír axeitadamente o arco en metades (metade superior e metade inferior), centro e todo o arco, realizando diferentes ritmos en cordas ao aire e escalas dunha oitava combinando adecuadamente as arcadas detaché, martelé e staccato. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 4. Asimilar conceptos técnicos da man esquerda (articulación) *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 5. Executar axeitadamente pizzicatos coa man dereita e coa man esquerda.



- 6. Tocar cos golpes de arco detaché, martele, legato e staccato unha escala.
- 7. Tocar as pezas do curso (vid. Listado de pezas recomendadas para o curso) con boa afinación, distribución do arco , homoxeneidade do son e fraseo correctos. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 8. Interpretar estudos ou pezas curtas de memoria empregando os conceptos técnicos adquiridos. Participar nas audicións programadas. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 9. Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- 10. Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo.
- 11. Demostrar coñecementos na lectura da clave de Do en terceira.

#### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).
- c) Repertorio:

-1º trimestre:

- Correcta colocación do instrumento e do arco.
  - Interpretación en cordas ao aire de ritmos básicos aplicando correctamente detaché e martelé. Escala de Re maior con golpes de arco básicos (detaché e martelé)
  - Tres pezas co primeiro patrón de dedos, das cales unha debe ser interpretada de memoria.
  - Un estudo ( Ex: Twinkle con variacións)

-2º trimestre:

- Correcta colocación do instrumento e do arco.
  - Interpretación en cordas ao aire e con armónicos de ritmos básicos aplicando correctamente detaché e martelé.
  - Escala e arpejos de Re maior e Sol maior con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché e martelé)
  - Tres pezas co primeiro patrón de dedos e incluíndo o 4º dedo, das cales unha debe ser interpretada de memoria.
  - Un estudo (Ex.: Moto perpetuo, de S. Suzuki, con variacións)



-3º trimestre:

- Correcta colocación do instrumento e do arco.
- Interpretación en cordas ao aire e con armónicos de ritmos aplicando correctamente detaché e martelé.
- Escala e arpejos de Do maior en 2 oitavas con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché, martelé e legato)
- Tres pezas co primeiro e segundo patrón de dedos, das cales unha debe ser interpretada de memoria.
- Un estudo

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel (audicións técnicas, audicións de aula...)

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.



### Criterios de cualificación

- |   |     |
|---|-----|
| ▪ Dominio técnico e postura corporal              | 30% |
| ▪ Interpretación e musicalidade (mínimo esixible) | 50% |
| ▪ Memoria (mínimo esixible)                       | 10% |
| ▪ Traballo individual                             | 10% |

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria  
10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

#### 6.1.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que



tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

#### **Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible**

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

#### **Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)**

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

#### 6.1.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpejos:
  - - Toledo, A. : Método de Escalas e arpejos.
  - - Viola scales and arpeggios (Book I). ABRSM.
  -
- Métodos e estudos
  - - Anderson, G. And Frost: All for Strings
  - - Cohen, Mary: Superstudies for viola, vol. 1.
  - - Volmer, B.: Bratschenschule, vol. 1.
  - - Mateu, E.: Iniciación á viola. Real Musical.
  - - Applebaum: String Builder , Vol 1
  - - Rolland , P. :Young Strings in action, vol. 1, Tunes and Exercises for String Players.
  - - Kinsey, H: Easy Progressive Studies (Set I). ABRSM.
  - - Kinsey, H: Elementary Progressive Studies (Set I). ABRSM.
  - - Woof, R.: Fifty Elementary Studies. ABRSM.
  - - Carse, A.: Viola School of Progressive Studies. Stainer & Bell.
  - - Garlej & Gonzalez: Método de viola. Vol I. Henry Lemoinez
  -
- Pezas:
  - - Alfaras: Stradivari, vol. 1
  - - Colledge: Stepping Stones, Waghon Wheels
  - - Suzuki: Vol. 1
  - - Stanley Fletcher: New Tunes for Strings vol. 1.
  - - E. Elgar.: Six Easy Pieces for Viola.
  - - Barber: Solos for Young Violists vol.1 (primeiras pezas )
  - - Nelson, S.: piece by Piece 1, Tetratunes, Right from the start, Two in one, Pares, Tunes you know 1, Threes, Fours, etc.

## 6.2 Curso: 2º GRAO ELEMENTAL

### 6.2.1 Obxectivos

- 1. Asimilar os principios elementais da colocación da viola e da toma do arco.
- 2. Conseguir unha posición cómoda e correcta do instrumento, máis afianzada e con maior naturalidade, e un equilibrio corporal nos movementos máis básicos.
- 3. Conseguir a realización de cambios de corda máis rápidos e fluídos.
- 4. Ampliar o rexistro a 2 oitavas nas escalas básicas e comezar o estudo das escalas menores sinxelas, perfeccionando a sonoridade e a afinación.
- 5. Iniciar a aprendizaxe dos cambios de posición, primeiro facendo uso das cordas ao aire e dos harmónicos naturais, e interpretando noutras posicións melodías xa coñecidas polo alumno procurando a súa correcta asimilación.
- 6. Tocar pezas de maior dificultade buscando unha sonoridade máis equilibrada.
- 7. Saber distinguir as divisións básicas do arco e distribuílo de forma correcta. Coñecer o detaché, legato, martelé e staccato. Combinar diferentes velocidades de arco e iniciar a practica do “arco de Viotti”.
- 8. Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover a man ao longo do diapasón con liberdade, como exercicio preparatorio para os futuros cambios de posición e vibrato.
- 9. Coñecer os principios básicos do estudio e aplicalos á práctica diaria.
- 10. Iniciarse na comprensión das estruturas musicais máis sinxelas
- 11. Memorizar fragmentos ou pezas axeitadas ao nivel.
- 12. Iniciar a aprendizaxe dos recursos para a improvisación e a lectura a primeira vista
- 13. Avanzar no dominio da lectura en clave de Do en 3ª.

### 6.2.2 Contidos

- 1. Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco.
- 2. Posición corporal equilibrada e natural. A sincronización das dúas mans..
- 3. Cambios de corda.
- 4. Escalas de Do M, Do m, Re M, Re m, Mi m, Mi bemol M, Fa M e Sol M, en dúas oitavas cos seus arpejos.
- 5. Desenvolvemento do movemento perpendicular, horizontal e lateral dos dedos da man esquerda. Exercicios de mecanismos con diferentes patróns de dedos. Os





cambios de posición e os armónicos Exercicios de dobres cordas sinxelos, con cordas ao aire ou con só un dedo pisado.

- 6. Interpretación de obras de maior dificultade.
- 7. Continuación do traballo con golpes fundamentais do arco "alla corda": detaché, martelé, legato e staccato. Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas. Inicio do "arco de Viotti".
- 8. Desenvolvemento do movemento perpendicular, horizontal e lateral dos dedos da man esquerda. Exercicios de mecanismos con diferentes patróns de dedos. Os cambios de posición e os armónicos, O vibrato.
- 9. Como estudar: a organización do traballo na casa
- 10. As estruturas formais das cancións populares: ABA, ABCA, ABACA, etc.
- 11. Adestramento permanente e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras do repertorio.
- 12. Improvisación e lectura a primeira vista.
- 13. Lectura en clave de Do en 3ª.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre: Cómo estudar: a organización do traballo na casa. Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco. Continuación do traballo dos golpes de arco básico: martelé, detaché, staccato, legato. Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas. Repaso das escalas do curso anterior ( Do m en dúas oitavas, Sol M e Re M en unha oitava). Ritmo e sincronización das dúas mans. Mecanismos empregando os dous primeiros patróns de dedos. Estudos e pezas.

- 2º trimestre: Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. Escalas de Do M, Re M, en dúas oitavas, e escalas de Do m, Re m, Mi M, Mi b M nunha oitava, con diferentes golpes de arco. Traballo de armónicos. Mecanismos empregando os tres primeiros patróns de dedos. Estudos e pezas. As estruturas formais das cancións populares: ABA, ABCA, etc.

- 3º Trimestre: Escalas de Re m, Mi b M, Fa M e Sol M en dúas oitavas. Inicio do traballo dos cambios de posición e do "arco de Viotti" e mellora dos golpes de arco traballados. Traballo de estudos. Interpretación de pezas e estudos nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos.

### 6.2.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza - aprendizaxe.



### Criterios de avaliación

- 1. Colocar axeitadamente o instrumento e tomar o arco de xeito correcto.
- 2. Manter unha posición equilibrada do corpo para lograr un son homoxéneo, unha correcta afinación e unha axeitada sincronización das dúas mans. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 3. Distribuír axeitadamente o arco en metades, terzos, cuartos e arco enteiro, combinado co ligado de dúas, tres ou máis notas e empregar con solvencia o detaché, martelé, legato e staccato en distintas partes do arco. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 4. Realizar correctamente mecanismos con diferentes patróns de dedos da man esquerda. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 5. Tocar as escalas mencionadas nos contidos cos seus correspondentes arpejos, con distintos golpes de arco e ritmos aire.
- 6. Tocar dobres cordas en cordas ao aire ou cun dedo pisado correctamente.
- 7. Realizar cambios de posición e armónicos correctamente.
- 8. Tocar as pezas do programa (Vid. listado de pezas recomendadas) con bo son e afinación precisa. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 9. Interpretar estudos ou pezas curtas de memoria, empregando os conceptos técnicos adquiridos, facendo uso de matices e dinámicas elementais, así como elementos básicos do fraseo. Participar nas audicións programadas. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 10. Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudio.
- 11. Amosar comprensión das formas das cancións populares: ABA, ABCA, ABACA, etc..
- 12. Ler a primeira vista con soltura e iniciarse na improvisación.
- 13. Demostrar soltura na lectura da clave de Do en 3ª.

### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- d) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- e) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).
- f) Repertorio:
  - 1º trimestre:
    - Correcta colocación do instrumento e do arco.



- Interpretación en cordas ao aire e con armónicos de ritmos básicos aplicando correctamente detaché , martelé.e ligadas.
  - Escala e arpxos de Do maior en 2 oitavas e Sol e Re maior en unha; con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché, martelé e legato).
  - Mecanismos con diferentes patróns de dedos
  - Tres pezas , das cales unha debe ser interpretada de memoria.
  - Un estudo con variacións de arco.
  - Unha audición técnica e unha audición pública.

-2º trimestre:

- Correcta colocación do instrumento e do arco.
- Interpretación en cordas ao aire e con armónicos de ritmos básicos aplicando correctamente detaché , martelé.e ligadas.
  - Escalas e arpxos de Re maior en 2 oitavas e Mi maior e Mi b maior unha oitava con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché, martelé e legato).
  - Mecanismos con diferentes patróns de dedos
  - Tres pezas , das cales unha debe ser interpretada de memoria.
  - Dous estudos.
  - Unha audición técnica e unha audición pública.

-3º trimestre:

- Correcta colocación do instrumento e do arco.
- Escala e arpxos de Mi b maior en 2 oitavas e Sol M en terceira posición con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché, martelé e legato)
  - Tres pezas co 1º e 2º patrón de dedos, das cales unha debe ser interpretada de memoria.
  - Dous estudo.
  - Unha audición técnica e outra pública

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.



b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel (audicións técnicas, audicións de aula...)

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

#### **Criterios de cualificación**

▪ Dominio técnico e postura corporal	30%
▪ Interpretación e musicalidade (mínimo esixible)	50%
▪ Memoria (mínimo esixible)	10%
▪ Traballo individual	10%

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

#### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de



demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

#### 6.2.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza - aprendizaxe.

#### Criterios de avaliación

- 1. Acadar un bo equilibrio corporal, boa colocación, control da respiración, da alternancia de tensión e relaxación, da concentración e da memoria. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 2. Realizar correctamente os cambios de posición en todas as súas modalidades ata a 5ª posición.
- 3. Amosar dominio do vibrato con boa condución do brazo, pulso e dedo, e con boa calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto.
- 4. Tocar correctamente acordes de 3 e 4 notas.
- 5. Amosar control e afianzamento dos golpes de arco traballados no Grao Elemental.
- 6. Aumentar a velocidade e a coordinación da man esquerda coa dereita na execución do repertorio.
- 7. Tocar con corrección escalas e arpejos en tres oitavas, con diferentes golpes de arco, ritmos e velocidades.
- 8. Ser quen de tocar escalas maiores e menores en unha corda e en posición fixa con diferentes golpes de arco, ritmos e velocidades.
- 9. Executar con control dobres cordas ( sextas e terceiras).
- 10. Tocar correctamente estudos de variacións de arco, dobres cordas, cambios de posición, expresivos...
- 11. Interpretar das obras con adecuación aos distintos estilos con calidade sonora: fraseo, afinación e dinámica axeitadas. Participar nas audicións programadas. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 12. Amosar unha boa planificación do estudo diario.
- 13. Ser quen de tocar a primeira vista fragmentos axeitados ao nivel do curso.
- 14. Interpretar o repertorio de memoria con seguridade. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*



### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- m) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- n) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

#### o) Repertorio:

-1º trimestre:

- Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco.
  - Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4 e 8. Os arpexos ligados de 3
- Escalas maiores en posición fixa (1ª, 2ª, 3ª e 4ª posición).
- Mecanismos con diferentes patróns de dedos e exercicios con cambios de posición.
- Un movemento rápido de Concerto de memoria e unha peza.
- Un estudo con variacións de arco e outro de dobres cordas.
- Unha audición técnica .

-2º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8 e 12. Os arpexos ligados de 3 e 6.
- Mecanismos con diferentes patróns de dedos e exercicios con cambios de posición.
- Unha peza de carácter virtuoso.
  - Un movemento para viola soa barroco ( Preludio dunha suite de Bach, Fantasía de Telemann)
- Dous estudos ( un deles será de dobres cordas).
- Unha audición técnica.

-3º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8 e 12. Os arpexos ligados de 3 e 6.
- Escalas de sextas e terceiras despregadas.
- Un movemento rápido de Concerto de memoria e unha peza ou movemento lento.
- Dous estudos con cambios de posición, acordes e dobres cordas.



- Unha audición técnica.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel (audicións técnicas, audicións de aula...)

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

### Criterios de cualificación

- |   |     |
|---|-----|
| ▪ Dominio técnico e postura corporal              | 30% |
| ▪ Interpretación e musicalidade (mínimo esixible) | 50% |
| ▪ Memoria (mínimo esixible)                       | 10% |
| ▪ Traballo individual                             | 10% |

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).



### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

#### 6.5.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

##### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para



dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

#### **Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)**

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

### 6.5.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpexos:
  - - Sevcik. Escalas e arpexos
  - • C. Flesch: El sistema de escalas.
- Métodos e estudos
  - - Wohlfahrt : Op. 45
  - - Sevcik: Op. 2/1, Op. 1/1
  - - Schradieck, H.: Escola da técnica para viola. Vol. 1.
  - - Sitt, H.: 20 Estudos de dobres cordas, Op. 32.
  - - Trott, J.: Melodius Double- Stops. Book 1
  - - Hoffmann, R.: Estudos Op. 86.
  - - Mazas: Estudios especiais op. 36.
  - - Kayser: 36 estudos elementais e progresivos para viola.
  - - Uhl, A.: Dreizig Etüden für viola.
  - - H. Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II
  - - Specimen Sightreading Tests (ABRSM), Grados 1-5
- Pezas:
  - - Suzuki: Vol. 4 e 5
  - - Seitz, F.: Concierto nº2.
  - - Seitz, F.: Concierto nº5.
  - - Corrette, M.: Zwei Sonaten. Schott VAB 39.
  - - Corrette, M.: Sonata en Si b Maior para viola e continuo.
  - - Cambini, G.: 6 dúos concertantes para dúas violas.
  - - Pleyel, I.: 6 dúos Op. 8, para dúas violas.
  - - Bach, J. S.: Suite nº 1 e Suite nº 3 (Bourrée I e II).
  - - Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcrición das fantasías para viola).
  - - Telemann, G. P.: Concerto en Sol M .
  - - Telemann, G. P.: Concerto en Sol M para dúas violas.
  - - Telemann, G. P.: Sonata en Si b M para viola e continuo.
  - - Marcello, B.: Sonata en Do M e Sonata en Sol M para viola e continuo.
  - - Fiocco, H.: Allegro
  - - Mozart, Leopold: Concerto para viola. Kunzelmann.
  - - Hummel, B.: Sonatina nº 1. Simrock
  - - Sitt, H.: Album leaves. Peters.
  - - Kalliwoda, J. W.: 6 Nocturnos Op. 186.
  - - Varios: Alto Classique, Vol. C.
  - - H.S. Whistler e H. A. Hummel: Concert and Contest Collection. Rubank.
  - - Ernst, H.: Rondo alla Zingarese.
  - - Dancla, Chas.: Air Varié de Concert.
  - - De Beriot, Chas.: Tema e Variacións en DoM.



## 6.6 Curso: 2º GRAO PROFESIONAL

### 6.6.1 Obxectivos

- 1. Controlar o equilibrio corporal, a boa colocación, a respiración, a alternancia de tensión e relaxación, a concentración e a memoria.
- 2. Tocar os estudos e as obras do curso con estilo axeitado, calidade de son, afinación e empregando os recursos expresivos precisos.
- 3. Desenvolver a capacidade de memorizar as obras do curso.
- 4. Desenvolver o control da afinación e a calidade do son.
- 5. Ser capaz de tocar en público con seguridade e control.
- 6. Perfeccionar os cambios de posición en todas as súas modalidades ata a 6ª posición.
- 7. Desenvolver progresivamente a velocidade e a coordinación da man esquerda coa dereita.
- 8. Afondar no estudio de escalas e arpejos en tres oitavas, con diferentes golpes de arco e ritmos e desenvolver a velocidade (hasta 24 ligadas ).
- 9. Tocar escalas maiores e menores en una corda e en posición fixa con diferentes golpes de arco, ritmos e velocidades.
- 10. Estudar con criterio, secuenciando o estudio para resolver problemas técnicos e musicais con economía de tempo e esforzo.
- 11. Estudar as dobres cordas ( 3ª e 6ª). Afianzar o vibrato con boa conducción de brazo, pulso e dedo, e aplicalo axeitadamente ao repertorio.
- 12. Comezar co saltillo.
- 13. Ler pezas a primeira vista axeitadas ao nivel do curso.

### 6.6.2 Contidos

- 1. O equilibrio corporal, a boa colocación, a respiración, a alternancia de tensión e relaxación, a concentración e a memoria.
- 2. Interpretación do repertorio do curso con estilo axeitado, calidade de son, afinación e empregando os recursos expresivos precisos.
- 3. Traballo da memoria na interpretación do repertorio do curso.
- 4. Control da afinación e a calidade do son.
- 5. Interpretación en público con seguridade e control.
- 6. Cambios de posición en todas as súas modalidades ata a 6ª posición.
- 7. Incremento da velocidade e a coordinación da man esquerda coa dereita.
- 8. Escalas e arpejos en tres oitavas, con diferentes golpes de arco e ritmos e desenvolver a velocidade (hasta 24 ligadas ).
- 9. Escalas maiores e menores en una corda e en posición fixa con diferentes golpes de arco, ritmos e velocidades.



- 10. Secuenciando do estudo para resolver problemas técnicos e musicais con economía de tempo e esforzo.
- 11. Dobres cordas ( 3ª e 6ª). O vibrato con boa condución de brazo, pulso e dedo, e a súa aplicación ao repertorio.
- 12. O saltillo.
- 13. Lectura a primeira.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre: Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco libre de tensións. Escalas en posición fixa ( 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª posición) e nunha corda. Unha escala e arpexos en 3 oitavas ( con diferentes golpes de arco e ritmos). Traballo de cambios de posición (E exercicios). Traballo das dobres cordas con intervalos de 3ª e 6ª . Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco ás escalas. Un estudio con variacións de arco e outro de dobres cordas. Un movemento rápido de Concerto.

- 2º trimestre: Escalas e arpexos en 3 oitavas (solta, staccato e legato de 4, 8 e 12 a escala e os arpexos de 3 e 6) . Desenvolvemento dos golpes de arco saltados ( spiccato e inicio do saltillo). Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Mecanismos. Continuación do traballo de obras e estudos propostas para este curso. Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda.

- 3º trimestre: Escalas e arpexos en 3 oitavas (solta, staccato e legato de 4, 8 , 12, 24) a escala e os arpexos de 3 e 9) . Perfeccionamento das dobres cordas, dos cambios de posición e dos golpes de arco. Mellora do saltillo. Mecanismos con diferentes patróns de dedos en diferentes posicións. Continuación do traballo de obras e estudos propostas para este curso. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións. Interpretación das obras de diferentes estilos de memoria. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica.

### 6.6.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

#### Criterios de avaliación

- 1. Ser quen de tocar con equilibrio corporal, boa colocación, axeitada respiración, alternancia de tensión e relaxación, boa concentración e de memoria. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*





- 2. Interpretar o repertorio con estilo axeitado, calidade de son, afinación e empregando os recursos expresivos precisos. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 3. Afianzar e avanzar na capacidade de memorizar o repertorio do curso.
- 4. Amosar control da afinación e da calidade do son na interpretación do repertorio.
- 5. Tocar en público con seguridade e control. Participar nas audicións programadas. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 6. Realizar axeitadamente os cambios de posición ata a 6ª posición.
- 7. Ser quen de aumentar a velocidade e a coordinación da man esquerda coa dereita durante a interpretación.
- 8. Tocar correctamente escalas e arpexos en tres oitavas, con diferentes golpes de arco e ritmos e desenvolvendo a velocidade (hasta 24 ligadas ).
- 9. Ser quen de tocar escalas maiores e menores en una corda e en posición fixa con diferentes golpes de arco, ritmos e velocidades.
- 10. Poder planificar e organizar o estudo con criterio, para resolver problemas técnicos e musicais con economía de tempo e esforzo.
- 11. Tocar dobres cordas ( 3ª e 6ª) correctament e aplicar o vibrato ao repertorio con boa condución de brazo, pulso e dedo.
- 12. Tocar algunha peza ou fragmento con saltillo.
- 13. Ser quen de tocar a primeira vista pezas axeitadas ao nivel do curso.

#### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- p) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- q) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

#### r) Repertorio:

-1º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4 , 8 e 12. Os arpexos ligados de 3

- Escalas maiores en posición fixa (1ª, 2ª, 3ª , 4ª e 5ª posición).

- Mecanismos con diferentes patróns de dedos e exercicios con cambios de posición.

- Un movemento rápido de Concerto de memoria e unha peza.

- Un estudo con variacións de arco e outro de dobres cordas.

- Unha audición técnica .



-2º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8 , 12 e 24. Os arpexos ligados de 3 e 6.
- Mecanismos con diferentes patróns de dedos e exercicios con cambios de posición.
- Unha peza de caracter virtuoso.
- Dous movementos para viola soa barroco ( Preludio dunha suite de Bach, Fantasía de Telemann).
- Dous estudos ( un deles será de dobres cordas e outro de estilo clásico).
- Unha audición técnica.

-3º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24.Os arpexos ligados de 3 e 9.
- Escalas de sextas e terceiras despregadas.
- Un movemento rápido de Concerto de memoria e unha peza ou movemento lento.
- Dous estudos con cambios de posición, acordes e dobres cordas.
- Unha audición técnica.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel (audicións técnicas, audicións de aula...)



Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

#### Criterios de cualificación

▪ Dominio técnico e postura corporal	30%
▪ Interpretación e musicalidade (mínimo esixible)	50%
▪ Memoria (mínimo esixible)	10%
▪ Traballo individual	10%

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

#### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%



A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

#### 6.6.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

##### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.



### Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

#### 6.6.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpexos:
  - - Sevcik. Escalas e arpexos
  - • C. Flesch: El sistema de escalas
- Métodos e estudos
  - - Wohlfahrt : Op. 45
  - - Sevcik: Op. 2/1, Op. 1/1, Op. 7, 8 e 9.
  - - Schradieck, H.: Escola da técnica para viola. Vol. 1.
  - - Sitt, H.: 20 Estudos de dobres cordas, Op. 32.
  - - Hoffmann, R.: Estudos Op. 86; Estudos melódicos en dobres cordas.
  - - Trott, J.: Melodious Double-Stops. Book 1.
  - - Mazas: Estudios especiais op. 36.
  - - Kayser: 36 estudos elementais e progresivos para viola.
  - - Uhl, A.: Dreizig Etüden für Viola.
  - - Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II.
  - - Bruni, A. B.: 25 estudos para viola.
  - - Specimen Sightreading Tests (ABRSM), Grados 1-5.
- Pezas:
  - - Suzuki: Vol. 5 e 6.
  - - Seitz, F.: Concerto nº3 en Do menor.
  - - Corrette, M.: Sonata en Si b Maior para viola e contínuo.
  - - Cambini, G.: 6 dúos concertantes para dúas violas.
  - - Bach, W. F.: Dúos para 2 violas.
  - - Bach, J. S.: Suite nº 1 e Suite nº 3 (Bourrée I e II).
  - - Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcrición das fantasías para viola).



- - Marcello, B.: Sonata en Do M e Sonata en Sol M para viola e continuo.
- - Fiocco, H.: Allegro
- - Ferguson, H.: 4 pequenas pezas Op. 6. Boosey.
- - Flackton, W.: Sonatas para viola e continuo. Schott.
- - Mozart, Leopold: Concerto para viola. Kunzelmann.
- - Zelter: Concerto en Mi B Maior.
- - Hummel, B.: Sonatina nº 1. Simrock
- - Sitt, H.: Album leaves. Peters.
- - Kalliwoda, J. W.: 6 Nocturnos Op. 186.
- - Ernst, H.: Rondo alla Zingarese.
- - Dancla, Chas.: Air Varié de Concert.

## 6.7 Curso: 3º GRAO PROFESIONAL

### 6.7.1 Obxectivos

- 1. Afondar no ton muscular, na respiración e na comodidade na execución instrumental.
- 2. Continuar co traballo de cambios de posición.
- 3. Afianzar o vibrato con boa condución de brazo, pulso e dedos, e traballar as distintas velocidades.
- 4. Perfeccionar os golpes de arco traballados (detaché, martelé, staccato, spiccato, ...) e as súas combinacións.
- 5. Continuar co saltillo.
- 6. Desenvolvemento da velocidade e articulación da man esquerda.
- 7. Tocar escalas maiores e menores en una corda e en posición fixa con diferentes golpes de arco, ritmos e velocidades.
- 8. Afondar no estudio de escalas e arpejos en tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades (escalas hasta 24 ligadas e arpejos hasta 9 ligados).
- 9. Estudar as dobres cordas de xeito sistemático: 8ª, 3ª e 6ª
- 10. Manter hábitos de estudio que permitan desenvolver as capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio
- 11. Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora
- 12. Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ao nivel
- 13. Iniciar a aplicación dos coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade
- 14. Adquirir o autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio
- 15. Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista
- 16. Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.

### 6.7.2 Contidos

- 1. O ton muscular e a respiración na execución instrumental.
- 2. Cambios de posición.
- 3. O vibrato con boa condución de brazo, pulso e dedos a distintas velocidades.
- 4. Golpes de arco traballados (detaché, martelé, staccato, spiccato, ...) e as súas combinacións.



- 5. O saltillo.
- 6. Desenvolvemento da velocidade e articulación da man esquerda.
- 7. Escalas maiores e menores en una corda e en posición fixa con diferentes golpes de arco, ritmos e velocidades.
- 8. Escalas e arpexos en tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades .
- 9. Dobres cordas: 8ª, 3ª e 6ª
- 10. Planificación e bos hábitos de estudio.
- 11. Control da afinación e da calidade sonora
- 12. Repertorio solístico e de conxunto.
- 13. Coñecementos harmónicos, formais e históricos e a súa aplicación na interpretación.
- 14. Autocontrol para a interpretación en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio
- 15. Lectura a primeira vista
- 16. A escoita consciente de música.

#### Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre. O estudo na casa: planificación. Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco libre de tensións. Escalas e arpexos en posición fixa (2ª, 3ª, 4ª, 5ª e 6ª posición) e sobre unha corda con diferentes ritmos, golpes de arco e velocidade. Unha escala e arpexos en tres oitavas ( a escala:solto, staccato e legato de 4, 8 e 12; e os arpexos de 3 e 6). Harmónicos naturais e artificiais. Estudio das dobres cordas : intervalos de Terceiras e Sextas e estudos de dobres cordas. Traballo de mecanismos con diferentes patróns de dedos e en diferentes posicións.Traballo dun estudio con variacións para o arco. Traballo das obras programadas para o curso. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato

- 2º trimestre: Traballo dos cambios de posición e dos golpes de arco (especialmente o saltillo). Unha escala e arpexos en tres oitavas ( a escala:solto, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24; e os arpexos de 3 e 9). Estudio das dobres cordas : intervalos de Terceiras e Sextas e estudos de dobres cordas. Aplicación dos diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco a tódolos aspectos do estudio da técnica. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Desenvolvemento do vibrato: fluidez e diferentes velocidades. Continuación do traballo das obras e estudos do curso. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica das pezas e estudos.

- 3º trimestre: Afondamento na técnica, tanto de man esquerda como de man dereita. Unha escala e arpexos en tres oitavas ( a escala:solto, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24; e os arpexos de 3 e 9).Continuación co traballo do saltillo. Estudio das dobres cordas : intervalos de Terceiras e Sextas e Oitavas. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións. Perfeccionamento dos aspectos técnicos e interpretativos das obras e estudos traballados durante o curso.



### 6.7.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza - aprendizaxe.

#### Criterios de avaliación

- 1. Acadar un bo ton muscular, bo control da respiración e comodidade na execución instrumental. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 2. Avanzar co traballo de cambios de posición.
- 3. Aplicar o vibrato con boa condución de brazo, pulso e dedos, e traballar as distintas velocidades.
- 4. Executar correctamente os golpes de arco traballados (detaché, martelé, staccato, spiccato, ...) e as súas combinacións.
- 5. Executar axeitadamente pezas ou fragmentos con saltillo.
- 6. Aumentar da velocidade na execución, cunha boa articulación da man esquerda.
- 7. Tocar escalas maiores e menores en una corda e en posición fixa con diferentes golpes de arco, ritmos e velocidades.
- 8. Tocar escalas e arpexos en tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades (escalas hasta 24 ligadas e arpexos hasta 9 ligados).
- 9. Ser quen de tocar correctamente dobres cordas: 8<sup>a</sup>, 3<sup>a</sup> e 6<sup>a</sup>
- 10. Aplicar boa planificación e bos hábitos de estudo que permitan desenvolver as capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio
- 11. Amosar control permanentemente da afinación e da calidade sonora
- 12. Ser quen de interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos. Tocar o repertorio de memoria. Participar nas audicións programadas. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 13. Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos na procura dunha interpretación artística de calidade
- 14. Amosar o autocontrol necesario para afrontar con garantías a interpretación en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio
- 15. Tocar a primeira vista pezas ou fragmentos axeitados ao nivel.
- 16. Amosar a adquisición progresiva de criterios interpretativos desde a escoita consciente de música.

#### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:



- s) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- t) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

u) Repertorio:

-1º trimestre:

◦ Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4 , 8 e 12. Os arpexos ligados de 3.

◦ Escalas maiores en posición fixa (1ª, 2ª, 3ª , 4ª e 5ª posición) e en unha corda.

◦ Escalas de sextas e terceiras.

◦ Mecanismos con diferentes patróns de dedos e exercicios con cambios de posición.

◦ Un movemento rápido de Concerto de memoria e unha peza.

◦ Un estudo con variacións de arco e outro de dobres cordas.

◦ Unha audición técnica .

-2º trimestre:

◦ Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8 , 12 e 24. Os arpexos ligados de 3 e 6.

◦ Escalas de sextas e terceiras.

◦ Mecanismos con diferentes patróns de dedos e exercicios con cambios de posición.

◦ Unha peza de caracter virtuoso.

◦ Dous movementos para viola soa barroco (Preludio dunha suite de Bach, Fantasía de Telemann).

◦ Dous estudos (un deles será de dobres cordas e outro de estilo clásico).

◦ Unha audición técnica.

-3º trimestre:

◦ Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24. Os arpexos ligados de 3 e 9.

◦ Escalas de sextas e terceiras en dúas oitavas; e oitavas despregadas.



- Un movemento rápido de Concerto de memoria e unha peza ou movemento lento u obras semellantes.
- Dous estudos con cambios de posición, acordes e dobres cordas, pasaxes expresivos...
- Unha audición técnica.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel (audicións técnicas, audicións de aula...)

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

### Criterios de cualificación

- Dominio técnico e postura corporal 30%



- Interpretación e musicalidade (mínimo esixible) 50%
- Memoria (mínimo esixible) 10%
- Traballo individual 10%

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

#### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

#### 6.7.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.



No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

#### **Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible**

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal

30%

Interpretación e musicalidade

60%

Memoria

10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

#### **Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)**

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal

30%

Interpretación e musicalidade

60%

Memoria

10%



A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

### 6.7.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpexos:
  - - Sevcik. Escalas e arpexos
  - • C. Flesch: El sistema de escalas.
  - • Forbes, W.: A third book of scales and arpeggios for viola players. OUP
- Métodos e estudos
  - - Kayser: Estudios Op.20
  - - Kreutzer: 42 Estudios.
  - - Fiorillo: 31 Estudios.
  - - Sevcik. Op.1, op.2,op.7 op. 9 e op. 8
  - - Sitt, H.: Estudios de dobres cordas, op. 32.
  - - Hofmann, R.: Estudios melódicos en dobres cordas.
  - - Polo, E.: 30 estudos de dobres cordas.
  - - H. Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II.
  - - Specimen Sightreading Test (ABRSM), Grados 6-8
  - - Bruni, A. B.: 25 estudos para viola.
  - - Hoffmeister: Estudios para viola.
  - - Mazas: Estudios especiales op.36.
  - - Schradieck. "Escola da técnica de viola" Vol. I, II e III.
- Pezas:
  - - Bach, J. S.: Suites nº 1, 2 e 3.
  - - Suzuki vol. 6
  - - Seitz, F.: Concerto nº3 en Do menor.
  - - Eccles: Sonata para viola e contínuo.
  - - A. Corelli: Folia.
  - - Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcripción do viola).
  - - Telemann, G. P.: 6 sonatas para viola e continuo
  - - Bach, C. P. E.: Sonata para viola e cembalo en sol menor. Schott.
  - - Graun, J. G.: Sonata nº 1 para viola e cembalo en Si b Maior.
  - - Glazunov, A.: Elexía, op. 44.
  - - Bloch, E.: Meditación e Procesional.
  - - Bach, Chr.: Concerto en Do menor.
  - - Zelter: Concerto en Mi b Maior.
  - - Accolay: Concerto nº 1.
  - - Haendel-Casadesus: Concerto en si menor.
  - - Bruni, A. B.: 3 sonatas. Schott.
  - - Stamitz, C.: Sechs duette für zwei Violen. Schott.
  - - Nardini, P.: 6 dúos. Schott.
  - - Dancla, Chas.: Air Varié de Concert.
  - - Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas.



## 6.8 Curso: 4º GRAO PROFESIONAL

### 6.8.1 Obxectivos

- 1. Afondar no ton muscular, na respiración e na liberdade de movementos implicados na execución instrumental.
- 2. Manter hábitos de estudo que permitan desenvolver capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudo.
- 3. Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: Articulación, fraseo, dixitación, etc.
- 4. Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- 5. Continuar co traballo de cambios de posición.
- 6. Afianzar o vibrato con boa condución de brazo, pulso e dedos, e traballar as distintas velocidades.
- 7. Perfeccionar os golpes de arco traballados (detaché, martelé, staccato, spiccato, saltillo...) e iniciar a practica de golpes de arco virtuosos como ricochet e spiccato volante.
- 8. Desenvolvemento da velocidade e articulación da man esquerda.
- 9. Estudar as dobres cordas de xeito sistemático: 8ª, 3ª, 6ª e iniciar o estudo das 4ªs.
- 10. Tocar escalas e arpejos de tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades.
- 11. Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada o nivel.
- 12. Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade.
- 13. Adquirir cada vez un maior autocontrol na experiencia de tocar, fomentando a memorización do repertorio.
- 14. Desenvolvela capacidade da lectura a primeira vista.
- 15. Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.
- 16. Afondar nas capacidades expresivas do instrumento e das obras.

### 6.8.2 Contidos

- O ton muscular, a respiración e a liberdade de movementos implicados na execución instrumental.
- 2. Hábitos de estudo.
- 3. Desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: Articulación, fraseo, dixitación, etc.



- 4. A afinación e a calidade sonora.
- 5. Cambios de posición.
- 6. O vibrato.
- 7. Golpes de arco xa traballados (detaché, martelé, staccato, spiccato, saltillo...) e novos golpes de arco virtuosos como ricochet e spiccato volante.
- 8. Velocidade e articulación da man esquerda.
- 9. Dobres cordas de xeito sistemático: 8ª, 3ª, 6ª e iniciar as 4ªs.
- 10. Escalas e arpejos en tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades.
- 11. Repertorio solístico e de conxunto.
- 12. Os coñecementos harmónicos, formais e históricos e a súa aplicación a unha interpretación artística de calidade.
- 13. O autocontrol na interpretación pública, fomentando a memorización do repertorio.
- 14. Lectura a primeira vista.
- 15. A escoita consciente de música.
- 16. As capacidades expresivas do instrumento.

#### Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre: O estudo na casa: planificación. Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco libre de tensións . Escalas e arpejos en posición fixa (2ª, 3ª, 4ª, 5ª e 6ª posición) e sobre unha corda con diferentes ritmos, golpes de arco e velocidade. Unha escala e arpejos en tres oitavas ( a escala:solto, staccato e legato de 4, 8 e 12; e os arpejos de 3 e 6). Exercicios de cambios de posición . Estudio das dobres cordas : intervalos de Terceiras e Sextas e estudos de dobres cordas. Traballo de mecanismos con diferentes patróns de dedos e en diferentes posicións.Traballo dun estudio con variacións para o arco. Mellora do saltillo. Traballo das obras programadas para o curso. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato

- 2º trimestre: Traballo dos cambios de posición e dos golpes de arco. Unha escala e arpejos en tres oitavas ( a escala:solto, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24; e os arpejos de 3 e 9). Estudio das dobres cordas : intervalos de Terceiras, Sextas e Cuartas. Acordes de 3 e 4 notas. Aplicación dos diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco a tódolos aspectos do estudio da técnica. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Desenvolvemento do vibrato: fluidez e diferentes velocidades. Continuación do traballo das obras e estudos do curso. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica das pezas e estudos.

- 3º trimestre: Afondamento na técnica, tanto de man esquerda como de man dereita. Unha escala e arpejos en tres oitavas ( a escala:solto, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24; e os arpejos de 3 e 9).Continuación co traballo do saltillo. Iniciación a golpes e arco virtuosos como ricochet, arco Viotti, staccato volante, etc. Estudio das dobres cordas : intervalos de Terceiras e Sextas e Oitavas. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.





Perfeccionamento dos aspectos técnicos e interpretativos das obras e estudos traballados durante o curso.

### 6.8.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

#### Criterios de avaliación

- 1. Acadar un bo ton muscular, bo control da respiración e comodidade na execución instrumental. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 2. Aplicar bos hábitos ao estudo diario que permitan desenvolver capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudo.
- 3. Amosar evolución no desenvolvemento técnico-artístico tanto do arco como da man esquerda: Articulación, fraseo, dicitación, etc.
- 4. Ser quen de controlar permanentemente a afinación e a calidade sonora.
- 5. Executar correctamente os cambios de posición.
- 6. Aplicar o vibrato con boa condución de brazo, pulso e dedos, e a distintas velocidades.
- 7. Realizar os golpes de arco traballados anteriormente (detaché, martelé, staccato, spiccato, saltillo...) e novos golpes de arco virtuosos ( ricochet e spiccato volante).
- 8. Aumentar a velocidade da man esquerda cunha articulación axeitada.
- 9. Tocar correctamente dobres cordas: 8ª, 3ª, 6ª e 4ªs.
- 10. Executar escalas e arpejos de tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades con corrección.
- 11. Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada o nivel. Tocar o repertorio de memoria. Participar nas audicións programadas. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 12. Amosar os coñecementos harmónicos, formais e históricos aplicándoos á interpretación.
- 13. Amosar autocontrol na interpretación e na memorización do repertorio.
- 14. Podetocar a primeira vista pezas ou fragmentos axeitados ao nivel.
- 15. Adquirir e aplicar criterios interpretativos froito da escoita habitual de música.
- 16. Amosar dominio das capacidades expresivas do instrumento e aplicalas nas obras.



### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- v) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- w) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

#### x) Repertorio:

-1º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4 , 8 e 12. Os arpexos ligados de 3.

- Escalas maiores en posición fixa (1ª, 2ª, 3ª , 4ª e 5ª posición) e en unha corda.

- Escalas de sextas e terceiras.

- Mecanismos con diferentes patróns de dedos e exercicios con cambios de posición.

- Un movemento rápido de Concerto de memoria e unha peza.

- Un movemento para viola soa barroco ( Preludio dunha suite de Bach, Fantasía de Telemann).

- Un estudo con variacións de arco e outro de dobres cordas.

- Unha audición técnica .

-2º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8 , 12 e 24. Os arpexos ligados de 3 e 6.

- Escalas de sextas e terceiras en dúas oitavas; e cuartas despregadas.

- Mecanismos con diferentes patróns de dedos e exercicios con cambios de posición.

- Unha peza de caracter virtuoso.

- Dous movementos para viola soa barroco ( Preludio dunha suite de Bach, Fantasía de Telemann).

- Dous estudos ( un deles será de dobres cordas e outro de estilo clásico).

- Unha audición técnica.

-3º trimestre:



- Unha escala e arpejos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24. Os arpejos ligados de 3 e 9.
- Escalas de sextas e terceiras en dúas oitavas; e oitavas despregadas.
- Un movemento rápido de Concerto de memoria e unha peza ou movemento lento u obras semellantes.
- Dous estudos con cambios de posición, acordes e dobres cordas, pasaxes expresivos...
- Unha audición técnica.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel (audicións técnicas, audicións de aula...)

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.



### Criterios de cualificación

▪ Dominio técnico e postura corporal	30%
▪ Interpretación e musicalidade (mínimo esixible)	50%
▪ Memoria (mínimo esixible)	10%
▪ Traballo individual	10%

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

#### 6.8.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións



parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

### **Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible**

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

### **Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)**

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%



Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria

10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

### 6.8.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpexos:
  - - Sevcik. Escalas e arpexos
  - • C. Flesch: El sistema de escalas.
  - • Forbes, W.: A third book of scales and arpeggios for viola players. OUP
- Métodos e estudos
  - - Kayser: Estudios Op.20
  - - Kreutzer: 42 Estudios.
  - - Fiorillo: 31 Estudios.
  - - Sevcik. Op.1, op.2,op.7 op. 9 e op. 8
  - - Sitt, H.: Estudos de dobres cordas, op. 32.
  - - Hofmann, R.: Estudos melódicos en dobres cordas.
  - - Polo, E.: 30 estudos de dobres cordas.
  - - H. Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II.
  - - Bruni, A. B.: 25 estudos para viola.
  - - Hoffmeister: Estudos para viola.
  - - Campagnoli: 41 Caprices.
  - - Mazas: Estudos especiais op.36.
  - - Specimen Sightreading Test (ABRSM), Grados 6-8
  - - Bruni, A. B.: 25 estudos para viola.
  - - Schradieck. "Escola da técnica de viola" Vol. I, II e III.
- Pezas:
  - - Bach, J. S.: Suites nº 2 e 3.
  - - A. Corelli: Folia.
  - - Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcripción do viola).
  - - Telemann, G. P.: 6 sonatas
  - - Bach, C. P. E.: Sonata para viola e cémbalo en sol menor. Schott.
  - - Graun, J. G.: Sonata nº 1 para viola e cémbalo en Si b Maior.
  - - Glazunov, A.: Elexía, op. 44.
  - - Bloch, E.: Meditación e Procesional.
  - - Hindemith, P.: Trauermusik.
  - - Zelter: Concerto en Mi b Maior.
  - - Bach, J.C - Casadesus.: Concerto para viola en do menor.
  - - Schubert, J.: Concerto para viola en Do Maior.
  - - Pleyel, I.: Concerto para viola op.31.
  - - Accolay: Concerto nº 1.
  - - Beethoven: Romanza en Fa Maior.
  - - Haendel-Casadesus: Concerto en si menor.



- - Bruni, A. B.: 3 sonatas. Schott.
- - Stamitz, C.: Sechs duette für zwei Violen. Schott.
- - Nardini, P.: 6 dúos. Schott.
- - Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas.

## 6.9 Curso: 5º GRAO PROFESIONAL

### 6.9.1 Obxectivos

- 1. Afondar no ton muscular, na respiración e na liberdade de movementos implicados na execución instrumental.
- 2. Manter hábitos de estudo que permitan desenvolver capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudo.
- 3. Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: Articulación, fraseo, dixitación, etc.
- 4. Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- 5. Continuar co traballo de cambios de posición.
- 6. Conseguir un vibrato de calidade que sexa versátil.
- 7. Perfeccionar os golpes de arco traballados (detaché, martelé, staccato, spiccato, saltillo...) e practicar os golpes de arco virtuosos como ricochet e spiccato volante.
- 8. Desenvolver a velocidade e articulación da man esquerda.
- 9. Estudar as dobres cordas de xeito sistemático: 8ª, 3ª, 6ª e 4ªs.
- 10. Tocar escalas e arpejos de tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades.
- 11. Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada o nivel.
- 12. Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade e como vía do reforzo da memoria.
- 13. Adquirir cada vez un maior autocontrol ao tocar, fomentando a memorización do repertorio.
- 14. Desenvolvela capacidade da lectura a primeira vista.
- 15. Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.
- 16. Afondar nas capacidades expresivas do instrumento e das obras.

### 6.9.2 Contidos

- 1. O ton muscular, a respiración e a liberdade de movementos implicados na execución instrumental.





- 2. Os bos hábitos de estudio.
- 3. Desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda.
- 4. A afinación e a calidade sonora.
- 5. Cambios de posición.
- 6. O vibrato.
- 7. Golpes de arco: detaché, martelé, staccato, spiccato, saltillo, ricochet e spiccato volante.
- 8. A velocidade e a articulación da man esquerda.
- 9. Dobres cordas: 8ª, 3ª, 6ª e 4ªs.
- 10. Escalas e arpexos de tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades.
- 11. Repertorio solístico e de conxunto con obras representativas de diferentes épocas e estilos.
- 12. Os coñecementos harmónicos, formais e históricos e a aplicación á interpretación.
- 13. Autocontrol na interpretación e memorización do repertorio.
- 14. Lectura a primeira vista.
- 15. A escoita activa de música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.
- 16. As capacidades expresivas do instrumento.

#### Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre: O estudo na casa: planificación. Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco libre de tensións . Escalas e arpexos sobre unha corda con diferentes ritmos, golpes de arco e velocidade. Unha escala e arpexos en tres oitavas ( a escala:solto, staccato e legato de 4, 8 , 12 e 24; e os arpexos de 3 e 6). Exercicios de cambios de posición . Estudio das dobres cordas : intervalos de Terceiras e Sextas e estudos de dobres cordas. Traballo de mecanismos con diferentes patróns de dedos e en diferentes posicións.Traballo dun estudio con variacións para o arco. Mellora dos golpes de arco . Traballo das obras programadas para o curso. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato

- 2º trimestre: Traballo dos cambios de posición e dos golpes de arco. Unha escala e arpexos en tres oitavas ( a escala:solto, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24; e os arpexos de 3 e 9). Estudio das dobres cordas : intervalos de Terceiras, Sextas e Cuartas. Acordes de 3 e 4 notas. Aplicación dos diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco a tódolos aspectos do estudio da técnica. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Desenvolvemento do vibrato: fluidez e diferentes velocidades. Continuación do traballo das obras e estudos do curso. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica das pezas e estudos. Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise a hora de lograr una autonomía cada vez maior no estudio.



- 3º trimestre: Afondamento na técnica, tanto de man esquerda como de man dereita. Unha escala e arpejos en tres oitavas ( a escala:solto, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24; e os arpejos de 3 e 9).Continuación co traballo do saltillo,dos gopes de arco virtuosos como ricochet, arco Viotti, staccato volante, etc. Estudio das dobres cordas : intervalos de Terceiras e Sextas e Oitavas. Interpretación das obras de repertorio propostas para este curso con calidades e concordancia o estilo a que pertencen. Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise a hora de lograr una autonomía cada vez maior no estudio. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.

### 6.9.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

#### Criterios de avaliación

- 1. Acadar un bo ton muscular, control da respiración e liberdade de movementos implicados na execución instrumental. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 2. Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo e os hábitos de estudio adquiridos.
- 3. Mostrar un grao de asimilación dos conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (Suxeición, condución, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.), así como da man esquerda (articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas etc.) e a coordinación de ambos brazos acorde os contidos tratados en cada curso.
- 4. Interpretar o repertorio controlando permanentemente a afinación e a calidade sonora.
- 5. Realizar os cambios de posición correctamente
- 6. Saber empregar o vibrato con calidade, versatilidade e bo gusto en estudos e obras.
- 7. Mostrar control na execución dos golpes de arco traballados: detaché, martelé, staccato, spiccato, saltillo, ricochet e spiccato volante.
- 8. Ser quem de tocar a gran velocidade cunha axeitada articulación da man esquerda.
- 9. Tocar escalas en dobres cordas: sextas, terceiras e oitavas.
- 10. Tocar tres escalas en tres oitavas e os seus arpejos con boa afinación e bo son, tendo en conta unha boa distribución do arco, cambios de posición fluídos e cambios de corda limpos, en catro, seis, oito, doce e vinte catro por arco para a escala e nove para os arpejos.
- 11. Interpretar un repertorio que inclúa estudos e obras para solista o con acompañamento de piano, empregando a técnica e os criterios estéticos adquiridos. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*



- 12. Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade e como vía do reforzo da memoria.
- 13. Interpretar a práctica totalidade do repertorio de memoria e con autocontrol. Participar nas audicións programadas. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*.
- 14. Tocar exercicios de lectura a vista conforme aos niveis propios do curso.
- 15. Aplicar os criterios interpretativos adquiridos a través da escoita consciente de música.
- 16. Amosar dominio das capacidades expresivas do instrumento e aplicalas nas obras.

### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- y) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- z) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

#### aa) Repertorio:

-1º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4 , 8 ,12 e 24. Os arpexos ligados de 3 e 6.
- Escalas e arpexos sobre unha corda con diferentes ritmos, golpes de arco e velocidade.
- Escalas de sextas, terceiras e octavas.
- Mecanismos con diferentes patróns de dedos e exercicios con cambios de posición.
- Un primeiro movemento Concerto con cadencia de memoria e unha peza ou movemento lento de concerto.
- Un estudo con variacións de arco e outro de dobres cordas.
- Unha audición técnica .

-2º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8 , 12 e 24. Os arpexos ligados de 3 e 9.
- Escalas de sextas, terceiras e oitavas en dúas oitavas; e cuartas despregadas.
- Unha peza de carácter virtuoso.
- Viola soa: 3 movementos das Suites de J.S. Bach, dous movementos das Sonatas e Partitas de J.S. Bach ou a Pasacaglia de Biber.
- Dous estudos ( un deles será de dobres cordas e outro de estilo clásico).



- Unha audición técnica.

-3º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24.Os arpexos ligados de 3 e 9.

- Escalas de sextas, terceiras e oitavas en dúas oitavas.
- Dous movementos de Sonata con piano o semellante.
- Dous Caprichos.
- Unha audición técnica.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel (audicións técnicas, audicións de aula...)

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.



### Criterios de cualificación

▪ Dominio técnico e postura corporal	30%
▪ Interpretación e musicalidade (mínimo esixible)	50%
▪ Memoria (mínimo esixible)	10%
▪ Traballo individual	10%

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

## 6.9.4 Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de



mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

### **Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible**

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

### **Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)**

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:



Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

#### 6.9.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpejos:
  - - Sevcik. Escalas e arpejos
  - • C. Flesch: El sistema de escalas.
- Métodos e estudos:
  - - Kreutzer: 42 Estudios.
  - - Fiorillo: 31 Estudios.
  - - Sevcik. Op.1, op.2 , op.7 op. 9 e op. 8
  - - Sitt, H.: Estudios de dobres cordas, op. 32.
  - - Polo, E.: 30 estudos de dobres cordas.
  - - Chailley, M. T.: 20 estudos expresivos en dobres cordas.
  - - Hofmann, R.: Estudios melódicos en dobres cordas.
  - - H. Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II.
  - - Hoffmeister, F. A.: Estudios para viola.
  - - Campagnoli: 41 Caprices.
  - - Mazas: Estudios especiais op.36.
  - - Specimen Sightreading Test (ABRSM), Grados 6-8
  - - Bruni, A. B.: 25 estudos para viola.
  - - Schradieck. "Escola da técnica de viola" Vol. I, II e III.
- Pezas:
  - - Bach, J. S.: Suites nº 2, 3 e 4.
  - - Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcripción do viola).
  - - Leclair, J.M.: 6 sonatas para dúas violas op.12
  - - Stamitz, C.: Sechs duette für Zwei Violen. Schott.
  - - Stamitz, C.: Sonata para viola en Si b Maior. Schott.
  - - Hummel, J.N.: Sonata para viola en Mi b Maior.
  - - Hummel, J.N.: Fantasía.
  - - Glazunov, A.: Elexía, op. 44.
  - - Hindemith, P.: Trauermusik.
  - - Bloch, E.: Meditación e Procesional.
  - - Zelter: Concerto en Mi b Maior.
  - - Bach, J.C - Casadesus: Concerto para viola en do menor.
  - - Pleyel, I.: Concerto para viola op.31.
  - - Schubert, J.: Concerto en Do Maior.
  - - Hoffmeister, F.A.: Concerto en Si b Maior.



- - Beethoven: Romanzas orixinais para viola.
- - Glinka, M.: Sonata para viola e piano.
- - Schumann, R.: Adagio e Allegro para viola e piano.
- - Accolay: Concerto nº 1.
- - Bruni, A. B.: 3 sonatas. Schott.
- - Nardini, P.: 6 dúos. Schott.
- - H. I. V. Biber: Pasacaglia
- - Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas





## 6.10 Curso: 6º GRAO PROFESIONAL

### 6.10.1 Obxectivos

- 1. Desenvolver unha maior capacidade de estudio que permitan un meirande control das capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os novos coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio.
- 2. Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do golpes de arco básicos e virtuosísticos, como o fraseo e a técnica da man esquerda: articulación, velocidade, dixitación, dobres cordas, cambios de posición, vibrato, etc.
- 3. Desenvolver a capacidade de aplicar unha dixitación propia e arqueo, seguindo as normas e patróns estéticos adecuados.
- 4. Tocar escalas en tres oitavas cos seus arpejos e dobres cordas (sextas, terceiras e oitavas) con diferentes golpes de arco e velocidades.
- 5. Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- 6. Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ao nivel.
- 7. Traballar e tocar Estudos e Caprichos con boa afinación, calidade de son, e tempo, dinámicas e estilo axeitados.
- 8. Afondar na aplicación dos coñecementos harmónicos, formais, históricos e estéticos, na busca dunha interpretación artística de calidade.
- 9. Adquirir cada vez un maior autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio.
- 10. Continuar a desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista cada vez a un maior nivel.
- 11. Continuar co hábito de escoitar música para afondar nos criterios interpretativos, e aplicarlos novos coñecementos históricos, formais e estéticos na análise das obras estudadas.
- 12. Afondar no dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico como técnico, buscando dentro das características interpretativas das obras o descubrimento das capacidades expresivas e individuais na interpretación.

### 6.10.2 Contidos

- 1. A capacidade de estudio e a autonomía para un maior control das capacidades técnico-artísticas e para a aplicación dos novos coñecementos musicais. Principios de autopercepción, sensación corporal, autoescoita e autoanálise.



- 2. O desenvolvemento técnico: golpes de arco básicos e virtuosísticos, fraseo e a técnica da man esquerda: articulación, velocidade, dicitación, dobres cordas, cambios de posición, vibrato, etc. Afondamento nos cambios de posición. Desenvolvemento da polifonía no instrumento.
- 3. A dicitación propia e arqueo, seguindo as normas e patróns estéticos axeitados. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas, estudos e pasaxes concretos das obras.
- 4. Escalas en tres oitavas cos seus arpejos ( solta, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24 para as escalas e 3, 6 e 9 para os arpejos) e dobres cordas (sextas, terceiras e oitavas) con diferentes golpes de arco e velocidades. Dobres cordas con 3ª/7ª, 6ª/4ª e 8ª/2ªs. Acordes con extensións, arpejos, etc.
- 5. A afinación e a calidade sonora. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato.
- 6. O repertorio solístico e de conxunto con obras representativas de diferentes épocas e estilos.
- 7. Estudos e Caprichos con boa afinación, calidade de son, e tempo, dinámicas e estilo axeitados.
- 8. Os coñecementos harmónicos, formais, históricos e estéticos, e a súa aplicación á interpretación artística. Exercicios con harmónicos naturais e artificiais. Escalas con harmónicos artificiais. Traballo analítico do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica, etc..
- 9. O autocontrol na interpretación en público como solista e en conxunto. Continuación do adestramento da memoria. Relación entre os aspectos formais e harmónicos coa memorización.
- 10. Lectura a primeira vista.
- 11. A escoita consciente de música. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións, analizando a estrutura formal e harmónica da obra.
- 12. O dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico como técnico.

#### Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre: Escalas e arpejos en tres oitavas (solto, staccato, e legato de 4, 8, 12 e 24 para as escalas; e 3, 6 e 9 para os arpejos). Escalas de sextas, terceiras e oitavas en dobres cordas. Desenvolvemento dos acordes. Estudos de dobres cordas. Afondamento na execución dos golpes de arco. Estudo con variacións de arco. Exercicios de cambios de posición. Traballo e interpretación dun Concerto con cadencia. Traballo analítico do fraseo, tendo en conta o estilo, a harmonía, a agónica, etc. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas, estudos e as obras. Relación entre os aspectos formais e harmónicos coa memorización. Audicións comparadas da obra traballada.

- 2º trimestre: Escalas e arpejos en tres oitavas (solto, staccato, e legato de 4, 8, 12 e 24 para as escalas; e 3, 6 e 9 para os arpejos). Escalas de sextas, terceiras, cuartas e oitavas en dobres cordas. Desenvolvemento da polifonía no instrumento. Aplicación da escoita polifónica e da condución das diferentes voces. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco



dentro das escalas, estudos e obras. Exercicios e escalas con harmónicos naturais e artificiais. Traballo e interpretación de Caprichos e estudos. Traballo e interpretación das obras programadas para o trimestre. Relación entre os aspectos formais e harmónicos coa memorización. Audicións comparadas das obras para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións, analizando a estrutura formal e harmónica da obra

- 3º trimestre: Estudio das escalas e os arpejos, con maior velocidade e co emprego de ritmos irregulares e máis complexos. Exercicios de dobres cordas e cambios de posición. Traballo e interpretación das obras e dos estudos do repertorio propostas para este trimestre. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas. Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise a hora de lograr unha cada vez maior autonomía no estudio.

### 6.10.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza - aprendizaxe.

### Criterios de avaliación

- 1. Amosar capacidade de planificar o estudio e autonomía para un maior control das capacidades técnico-artísticas e para a aplicación dos novos coñecementos musicais.
- 2. Ser quen de realizar con control os seguintes recursos técnicos: golpes de arco básicos e virtuosísticos, fraseo e a técnica da man esquerda: articulación, velocidade, dixitación, dobres cordas, cambios de posición, vibrato, etc.; cambios de posición e polifonía no instrumento. Manter unha posición equilibrada da viola, da man esquerda e do arco. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*
- 3. Aplicar dixitacións propias e arqueo, seguindo as normas e patróns estéticos axeitados. Ser quen de aplicar diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas, estudos e pasaxes concretas das obras.
- 4. Tocar: escalas en tres oitavas cos seus arpejos ( solta, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24 para as escalas e 3, 6 e 9 para os arpejos) e dobres cordas (sextas, terceiras e oitavas) con diferentes golpes de arco e velocidades; dobres cordas con 3ª/7ª, 6ª/4ª e 8ª/2ªs e acordes con extensións, arpejados, etc.
- 5. Interpretar o repertorio con control da afinación e da calidade sonora. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.*



- 6. Interpretar repertorio solístico e de conxunto con obras representativas de diferentes épocas e estilos con control e madurez artística.
- 7. Tocar estudos e Caprichos con boa afinación, calidade de son, e co tempo e dinámicas e estilo axeitados.
- 8. Aplicar á interpretación artística s coñecementos harmónicos, formais, históricos e estéticos cun traballo analítico do fraseo en función dos diferentes estilos, a harmonía, a agóxica, etc..
- 9. Amosar autocontrol na interpretación en público como solista, de memoria, e en conxunto. Participar nas audicións programadas. *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*.
- 10. Ser quen de tocar con fluidez a primeira vista fragmentos ou pezas axeitadas ao nivel.
- 11. Demostrar capacidade de análise das características de diferentes versións de obras de estilos diferentes a través da escoita conciente.
- 12. Demostrar dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico como técnico.

#### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

**ab)** Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.

**ac)** Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

**ad)** Repertorio:

-1º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4 , 8 ,12 e 24. Os arpexos ligados de 3 e 6.

- Escalas de sextas, terceiras e octavas legadas de dous.

- Mecanismos con diferentes patróns de dedos e exercicios con cambios de posición.

- Un primeiro movemento Concerto con cadencia de memoria e un movemento lento de concerto.

- Un estudo con variacións de arco e outro de dobres cordas.

- Unha audición técnica .

-2º trimestre:

- Unha escala e arpexos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4 , 8 , 12 e 24. Os arpexos ligados de 3 e 9.

- Escalas de sextas, terceiras e oitavas en dúas oitavas, legadas de dous.



- Unha peza de caracter virtuoso.
  - Viola soa: 3 movementos das Suites de J.S. Bach, dous movementos das Sonatas e Partitas de J.S. Bach ou a Pasacaglia de Biber.
- Dous estudos: Un Capricho e un Estudio de estilo Clásico.
- Unha audición técnica.

-3º trimestre:

- Unha escala e arpejos en tres oitavas . A escala interpretarase con diferentes ritmos e golpes de arco e solta, staccato e legato de 4, 8, 12 e 24.Os arpejos ligados de 3 e 9.
  - Escalas de sextas, terceiras e oitavas en dúas oitavas legadas de catro.
  - Dous movementos de Sonata con piano o semellante.
  - Un estudo o Capricho.
  - Unha audición técnica.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel (audicións técnicas, audicións de aula...)

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.



Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

### Criterios de cualificación

▪ Dominio técnico e postura corporal	30%
▪ Interpretación e musicalidade (mínimo esixible)	50%
▪ Memoria (mínimo esixible)	10%
▪ Traballo individual	10%

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

#### 6.10.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

##### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).



A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

#### Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Dominio técnico e postura corporal  
30%

Interpretación e musicalidade  
60%

Memoria 10%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

#### 6.10.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpexos:
  - - Sevcik. Escalas e arpexos
  - • C. Flesch: El sistema de escalas.
- Métodos e estudos:
  - - Kreutzer: 42 Estudios.
  - - Fiorillo: 31 Estudios.
  - - Sevcik. Op.1, op.2 , op.7 op. 9 e op. 8
  - - Sitt, H.: Estudios de dobres cordas, op. 32.
  - - Polo, E.: 30 estudos de dobres cordas.
  - - Chailley, M. T.: 20 estudos expresivos en dobres cordas.
  - - H. Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II.
  - - Hoffmeister, F. A.: Estudios para viola.
  - - Campagnoli: 41 Caprices.
  - - Mazas: Estudios especiais op.36.
  - - Specimen Sightreading Test (ABRSM), Grados 6-8
  - - Rode: 24 caprichos para viola solo.
  - - Schradieck. "Escola da técnica de viola" Vol. I, II e III.





- Pezas:
- - Bach, J. S.: Suites orixinais para violonchelo.
- - Bach, J. S.: Sonatas e Partitas orixinais para vioín.
- - Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcrición do viola).
- - Leclair, J.M.: 6 sonatas para dous violas op.12
- - Stamitz, C.: Sechs duette für Zwei Violen. Schott.
- Stamitz, C.: Sonata para viola en Si b Maior. Schott.
- - Hummel, J.N.: Sonata para viola en Mi b Maior.
- - Hummel, J.N.: Fantasía.
- - Beethoven: Romanzas orixinais para viola.
- - Hindemith, P.: Trauermusik.
- - Bloch, E.: Meditación e Procesional.
- - Bach, J.C - Casadesus: Concerto para viola en do menor.
- - Stamitz, C.: Concerto en Re Maior.
- - Schubert, J.: Concerto en Do Maior.
- - Hoffmeister, F.A.: Concerto en Si b Maior.
- - Hoffmeister, F.A.: Concerto en Re Maior.
- - Glinka: Sonata para viola e piano
- - Schubert, F.: Sonata "Arpeggione" (1º e 2º movementos)
  - Schumann, R.: Adagio e Allegro.
  - Bruch, M.: Romanza para viola.
- - Nardini, P.: 6 dúos. Schott.
- - H. I. V. Biber: Pasacaglia
- - Jacob, G.: Variacións para viola soa.
- - Reger, M.: Suites para viola soa.
- - Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas.



## 7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de corda deixarase constancia deste seguimento así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

## 8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

Sen perxuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, un análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.



## 9 ANEXOS

---

### 9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

A proba instrumental consistirá na interpretación de tres obras de libre elección, que poderán ser escollidas entre as programadas neste documento para o 4º curso de grao elemental ou ser outras dunha dificultade semellante, pero en todo caso deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.
- Unha das tres obras terá que ser de música de cámara (podendo ser unha formación solista con piano), é dicir, non se deberán presentar tres obras para instrumento solo sen acompañamento.
- Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes, no caso de que o centro non o facilite deberán dispor do seu pianista acompañante.

#### Contidos

Os indicados nesta programación para ao 4º curso de grao elemental.

#### Criterios de avaliación e cualificación

Criterios de avaliación: os seguintes criterios de avaliación aplicaranse a cada unha das obras ou estudos que compoñen as probas de acceso.

##### 1. Musicalidade:

Este criterio permite valorar a comprensión que ten o alumno da obra ou o estudo, así como a súa capacidade para expresarse a través do instrumento e a súa madurez interpretativa.

##### 2. Colocación corporal:

Este criterio permite valorar a posición corporal do alumno así como a súa capacidade psicomotriz.

##### 3. Técnica xeral:

Este criterio permite valorar os recursos do alumno para interpretar con corrección unha partitura así como o seu grado de asimilación.

##### 4. Técnica do instrumento:

Este criterio permite valorar o grado de dominio técnico do alumno e a utilización correcta das posibilidades do seu instrumento.

Criterios de cualificación:

- POSICIÓN E TÉCNICA 30%
- INTERPRETACIÓN E MUSICALIDADE 60%
- MEMORIA 10 %

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos)



A aplicación dos criterios de avaliación e de cualificación efectuarase tomando en consideración os obxectivos e contidos establecidos para 4º de Grao elemental da programación didáctica. O tribunal valorará a dificultade do repertorio interpretado así como si é tocado íntegramente de memoria.

## 9.2 Probas de acceso a outros cursos

### 9.2.1 Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º de grao elemental

A proba instrumental consistirá na interpretación de dúas obras de libre elección, e dun exercicio de lectura a primeira vista, que poderán ser escollidas entre as programadas no indicado nesta programación para o curso anterior ao que se pretende acceder, ou ser outras dunha dificultade semellante a elección do/da aspirante.

Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes deberán dispor do seu pianista acompañante.

#### Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

#### Criterios de avaliación e cualificación

Criterios de avaliación: aplicaranse a cada unha das obras ou estudos que compoñen as probas de acceso.

##### 1. Musicalidade:

Este criterio permite valorar a comprensión que ten o alumno da obra ou o estudo, así como a súa capacidade para expresarse a través do instrumento e a súa madurez interpretativa.

##### 2. Colocación corporal:

Este criterio permite valorar a posición corporal do alumno así como a súa capacidade psicomotriz.

##### 3. Técnica xeral:

Este criterio permite valorar os recursos do alumno para interpretar con corrección unha partitura así como o seu grado de asimilación.

##### 4. Técnica do instrumento:

Este criterio permite valorar o grado de dominio técnico do alumno e a utilización correcta das posibilidades do seu instrumento.

##### 5. Lectura a vista:

Este criterio permite valorar o grado de fluidez e soltura na lectura de partituras co instrumento así como o grao de asimilación das indicacións na partitura propias da literatura do viola.

Criterios de cualificación:

- POSICIÓN E TÉCNICA 30%
- INTERPRETACIÓN E MUSICALIDADE 60%
- MEMORIA 10 %
- LECTURA A VISTA 10%



A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos)

A aplicación dos criterios de avaliación e de cualificación efectuarase tomando en consideración os obxectivos e contidos establecidos para o curso anterior ao que se pretende acceder na programación didáctica. O tribunal valorará a dificultade do repertorio interpretado así como si é tocado íntegramente de memoria.

### 9.2.2 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional

A proba instrumental consistirá na interpretación de tres obras de libre elección, que poderán ser escollidas entre as indicadas nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder, ou ser outras dunha dificultade semellante, a elección do/da aspirante, pero que en todo caso deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.
- Unha das tres obras terá que ser de música de cámara (podendo ser unha formación solista con piano), é dicir, non se deberán presentar tres obras para instrumento solo sen acompañamento.
- Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes deberán dispor do seu pianista acompañante.

#### Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

#### Criterios de avaliación e cualificación

Criterios de avaliación: os seguintes criterios de avaliación aplicaranse a cada unha das obras ou estudos que compoñen as probas de acceso.

##### 1. Musicalidade:

Este criterio permite valorar a comprensión que ten o alumno da obra ou o estudo, así como a súa capacidade para expresarse a través do instrumento e a súa madurez interpretativa.

##### 2. Colocación corporal:

Este criterio permite valorar a posición corporal do alumno así como a súa capacidade psicomotriz.

##### 3. Técnica xeral:

Este criterio permite valorar os recursos do alumno para interpretar con corrección unha partitura así como o seu grado de asimilación.

##### 4. Técnica do instrumento:

Este criterio permite valorar o grado de dominio técnico do alumno e a utilización correcta das posibilidades do seu instrumento.

Criterios de cualificación:



- POSICIÓN E TÉCNICA 30%
- INTERPRETACIÓN E MUSICALIDADE 60%
- MEMORIA 10 %

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos)

A aplicación dos criterios de avaliación e de cualificación efectuarase tomando en consideración os obxectivos e contidos establecidos para 4º de Grao elemental da programación didáctica. O tribunal valorará a dificultade do repertorio interpretado así como si é tocado íntegramente de memoria.

### 9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.



## 9.4 Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais)

AVALIACIÓN TRIMESTRAL	GRAOS DE COMPETENCIA E CUALIFICACIÓN							
	0	2	4	5	6,5	7,5	9	10
<b>Posición e técnica 30%</b>								
<b>Posición do instrumento e dominio técnico</b>	Presenta graves defectos 0	Presenta defectos importantes 0,6 <i>Valor mínimo esixible</i>	Presenta algúns defectos 1,2	C. Básica 1,5	C. Media 1,95	C. Avanzada 2,25	Moi competente 2,7	Excelente 3
<b>Interpretación e musicalidade 50%</b>								
<b>Traballo de interpretación nas clases</b>	Non competente 0	C. Baixa 0,5	C. Mellorable 1	C. Básica 1,25	C. Media 1,625	C. Avanzada 1,875	Moi competente 2,25	Excelente 2,5
<b>Interpretación en audicións e concertos</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,5	C. Mellorable 1 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Básica 1,25	C. Media 1,625	C. Avanzada 1,875	Moi competente 2,25	Excelente 2,5
<b>Memoria 10 %</b>								
<b>Traballo de memorización nas clases</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,1	C. Mellorable 0,2 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Básica 0,25	C. Media 0,325	C. Avanzada 0,375	Moi competente 0,45	Excelente 0,5
<b>Interpretación de memoria en audicións</b>	Non competente 0	C. Baixa 0,1	C. Mellorable 0,2	C. Básica 0,25	C. Media 0,325	C. Avanzada 0,375	Moi competente 0,45	Excelente 0,5
<b>Traballo individual 10%</b>								
<b>Organización e planificación do traballo individual</b>	Non competente 0	C. Baixa 0,1	C. Mellorable 0,2	C. Básica 0,25	C. Media 0,325	C. Avanzada 0,375	Moi competente 0,45	Excelente 0,5
<b>Cumprimento do traballo individual</b>	Non competente 0	C. Baixa 0,1	C. Mellorable 0,2	C. Básica 0,25	C. Media 0,325	C. Avanzada 0,375	Moi competente 0,45	Excelente 0,5
Observacións:							Cualificación:	

9.5 Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible, para a avaliación extraordinaria e para a ampliación de matrícula)

AVALIACIÓN PUNTUAL	GRAOS DE COMPETENCIA E CUALIFICACIÓN							
	0	2	4	5	6,5	7,5	9	10
<b>Posición e técnica 30%</b>								
<b>Posición do instrumento e dominio técnico</b>	Presenta graves defectos 0	Presenta defectos importantes 0,6 <i>Valor mínimo esixible</i>	Presenta algúns defectos 1,2	C. Básica 1,5	C. Media 1,95	C. Avanzada 2,25	Moi competente 2,7	Excelente 3
<b>Interpretación e musicalidade 60%</b>								
<b>Interpretación das escalas, estudos e obras</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 1,2	C. Mellorable 2,4 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Básica 3	C. Media 3,9	C. Avanzada 4,5	Moi competente 5,4	Excelente 6
<b>Memoria 10 %</b>								
<b>Interpretación de memoria de alomenos unha escala/estudo ou obra</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,2	C. Mellorable 0,4 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Básica 0,5	C. Media 0,65	C. Avanzada 0,75	Moi competente 0,9	Excelente 1
Observacións:							Cualificación:	

## 9.6 Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Profesional

PROBAS DE ACCESO G.P.	GRAOS DE COMPETENCIA E CUALIFICACIÓN							
	0	2	4	5	6,5	7,5	9	10
<b>Posición e técnica 30%</b>								
<b>Posición do instrumento e dominio técnico</b>	Presenta graves defectos 0	Presenta defectos importantes 0,6 <i>Valor mínimo esixible</i>	Presenta algúns defectos 1,2	C. Básica 1,5	C. Media 1,95	C. Avanzada 2,25	Moi competente 2,7	Excelente 3
<b>Interpretación e musicalidade 60%</b>								
<b>Interpretación da obra 1</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,4 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Mellorable 0,8	C. Básica 1	C. Media 1,3	C. Avanzada 1,5	Moi competente 1,8	Excelente 2
<b>Interpretación da obra 2</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,4 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Mellorable 0,8	C. Básica 1	C. Media 1,3	C. Avanzada 1,5	Moi competente 1,8	Excelente 2
<b>Interpretación da obra 3</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,4 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Mellorable 0,8	C. Básica 1	C. Media 1,3	C. Avanzada 1,5	Moi competente 1,8	Excelente 2
<b>Memoria 10 %</b>								
<b>Interpretación de memoria</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,2 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Mellorable 0,4 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Básica 0,5	C. Media 0,65	C. Avanzada 0,75	Moi competente 0,9	Excelente 1
Observacións:							Cualificación:	

## 9.7 Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Elemental

PROBAS DE ACCESO G.E.	GRAOS DE COMPETENCIA E CUALIFICACIÓN							
	0	2	4	5	6,5	7,5	9	10
<b>Posición e técnica 30%</b>								
<b>Posición do instrumento e dominio técnico</b>	Presenta graves defectos 0	Presenta defectos importantes 0,6 <i>Valor mínimo esixible</i>	Presenta algúns defectos 1,2	C. Básica 1,5	C. Media 1,95	C. Avanzada 2,25	Moi competente 2,7	Excelente 3
<b>Interpretación e musicalidade 50%</b>								
<b>Interpretación da obra 1</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,5 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Mellorable 1	C. Básica 1,25	C. Media 1,625	C. Avanzada 1,875	Moi competente 2,25	Excelente 2,5
<b>Interpretación da obra 2</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,5 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Mellorable 1	C. Básica 1,25	C. Media 1,625	C. Avanzada 1,875	Moi competente 2,25	Excelente 2,5
<b>Memoria 10 %</b>								
<b>Interpretación de memoria</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,2 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Mellorable 0,4	C. Básica 0,5	C. Media 0,65	C. Avanzada 0,75	Moi competente 0,9	Excelente 1
<b>Lectura a 1ª vista 10 %</b>								
<b>Lectura correcta das notas e das indicacións da partitura</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non competente 0	C. Baixa 0,2 <i>Valor mínimo esixible</i>	C. Mellorable 0,4	C. Básica 0,5	C. Media 0,65	C. Avanzada 0,75	Moi competente 0,9	Excelente 1
Observacións:							Cualificación:	